



FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA
Rúa Santa Clara, 21, COMPOSTELA
feg@federacionecoloxista.org

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA **DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO**

ASUNTO: ACHEGAS DA FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA AO PROXECTO DO DECRETO POLO QUE SE CREA A COMISIÓN DE CALIDADE DO AIRE DE GALICIA.

PERSOA DE CONTACTO:

Benito Andrade González, Presidente da Federación Ecoloxista Galega
Correo-e: feg@federacionecoloxista.org

Benito Andrade González, con NIF 35256847D e enderezo a nivel de notificación en Rúa Santa Clara, 21 de Compostela, como membro da Federación Ecoloxista Galega, e en representación de dita Federación.

Atopándose en na fase de trámite de audiencia o procedemento de elaboración do proxecto de Decreto polo que se crea a Comisión de Calidade do Aire de Galicia, desexa formalizar as seguintes **ACHEGAS**:

SOBRE A NECESIDADE DE PARTICIPACIÓN DE REPRESENTANTES DO MOVEMENTO ECOLOXISTA E A SÚA ELECCIÓN

Débese recoñecer, en primeiro lugar, o papel que se ven desempeñando por parte do movemento ecoloxista no que se refire á vixianza da contaminación atmosférica, a denuncia dos casos de contaminación e a teima na mellora da calidade do aire. Precisamente os grupos ecoloxistas teñen conseguido grandes avances na mellora da calidade do aire que todos respiramos, tanto esixindo as normas legais que permitan establecer un marco xurídico no que se garanta o bo estado do aire, como denunciando episodios de contaminación atmosférica ou situacións que provocan unha perda da calidade e salubridade. Procede xa que logo que nesta CCAG se garanta a presenza suficiente de representantes do movemento ecoloxista e así propónse que se nomeen dúas vogalías para membros de grupos de defensa ambiental ao marxe dos "Dous representantes da sociedade civil/organizacións sociais" que poden estar destinados a persoas representantes de movementos sindicais, veciñais ou doutros sectores da sociedade civil. Dada a cantidade de grupos ecoloxistas presentes no rexistro da Administración e para garantir unha elección verdadeiramente democrática, coa participación de todos os grupos interesados na actividade da Comisión e dispostos a aportar presenza na mesma, resulta necesario que dende a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda se realice unha convocatoria a todos os grupos

rexistrados a unha reunión centralizada e que se poña a disposición un local axeitado para celebrar a mesma; nesta reunión procederase a elixir os dous representantes que formarán parte do CCAG polos dous anos de duración da súa membresía.

SOBRE A NECESIDADE DE AXILIDADE E EFICACIA

En segundo lugar, tense comprobado que en diversos órganos consultivos da Administración galega, é común que se instale un certo grado de preguiza que leva a un funcionamento pouco eficiente dos mesmos e ao distanciamento das reunións co que se produce unha desmotivación dos membros e a unha perda de funcionalidade. Urxe evitar estas deficiencias funcionais e garantir a utilidade e eficacia do CCAG permitindo que, de forma xustificada, calquera vogal poda solicitar á presidencia a convocatoria dun Pleno da Comisión. Para isto é necesario modificar o apartado 2 do Artigo 12 permitindo que o presidente convoque o Pleno, tamén, diante da solicitude razoada presentada por un vogal. Sería necesario ademais neste sentido modificar o artigo 9, no que se relacionan as funcións dos vogais, é obrigada a inclusión dun novo apartado no que se faga referencia á capacidade dos vogais para solicitar á presidencia a convocatoria dun Pleno a través dun escrito onde se expliquen as razóns da necesidade desa convocatoria.

SOBRE A NECESIDADE DE ORZAMENTO

Por último, resulta sorprendente a disposición adicional primeira relativa aos gastos de funcionamento da Comisión na que se asegura que "As actuacións da Comisión de Calidade do Aire non xerarán incremento das consignacións orzamentarias da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda". Non se entende como se van a realizar as funcións que se recollen no Artigo 4, que necesitan dunha dotación orzamentaria suficiente para poder realizarse. É esencial ter en conta que o problema da contaminación atmosférica ten unha importante repercusión económica, tal e como se asegura na exposición de motivos deste Decreto cando se asegura que "o impacto da contaminación do aire na saúde pública en España representara un custo económico estimado do 2,8% do Produto Interior Bruto", "o 91% da poboación do mundo vive en lugares onde non se respectan as súas Directrices sobre a calidade do aire, o que provoca cada ano 4,2 millóns de defuncións prematuras". Está claro que, dada a magnitude económica e de saúde pública que posúe este tipo de impacto ambiental, debe esixirse unha dotación económica acorde cos custos e danos que provoca e suficiente para que a CCAG poda levar a cabo as funcións que o Decreto lle encomenda.

Solicítase xa que logo que as presentes achegas sexan tidas por presentadas e que se proceda á modificación do Proxecto de Decreto polo que se crea a Comisión de Calidade do Aire de Galicia, recollendo o contido das mesmas.

Compostela, a 19 de xullo de 2021

Asdo.: Benito Andrade